



# do a do a

## DOA A DOA, A MEMORIA VIVA

DOA A DOA é un programa de televisión de IBISAtv para a TVG pensado para manter viva na pequena pantalla, a tradición oral galega; esas sinxelas historias de vida que moitos de nós coñecemos porque nolas contaron os nosos avós, unha riqueza histórica e documental que se está a perder e que é necesario conservar, pois forma parte da nosa íntima memoria. A memoria viva.

Nesta quinta tempada, DOA A DOA conta cunha compoñente novidosa; os nosos avós falarannos de temas actualidade dende a perspectiva da súa época. Coñeceremos como eran entendidas, daquela, cuestións que hoxe están debate na sociedade: os malos tratos, a ecoloxía ou o aborto; e outros que forman parte xa da nosa vida cotiá, coma o divorcio, o móbil ou a Internet. Esta nova xeira de DOA A DOA tenta misturar a tradición coa renovación, facendo partícipes ós nosos maiores do devir da sociedade, servindo de pulo pra que nos conten cousas de antes nun contexto de actualidade.

Unha tempada máis, a quinta, os nosos avós siguen contribuíndo co relato das súas vivenzas persoais, de xeito único e insustituible, a achegarnos un anaco de historia, de cando "*as cousas eran de outra maneira*". Grazas a eles tomamos conciencia dos nosos costumes, tradicións, cultura, historia; e de nós mesmos, grazas a eles sabemos de onde vimos e cara onde imos. Nesta quinta tempada, producida por IBISAtv e dirixida pola realizadora Yolanda del Campo, tamén hai espazo pra lembrar ritos clásicos como as vodas, a cultura do traballo na terra, os grandes avances da comunicación ou mostras da represión política.

DOA A DOA é o resultado dunha sucesión de encontros e de conversas cálidas e íntimas coa sabiduría popular. Nesta nova tempada, preto dun centenar de testemuñas deixarán a súa impronta nos nosos corazóns e na nosa memoria. Un cento de novas entrevistas realizadas por toda Galicia con testemuñas e vivencias dos nosos avós na súa infancia e xuventude. Un centenar de avós e avoas nados a finais dos anos vinte e, polo tanto, agora en torno aos setenta e oitenta anos de idade; persoas entrañables que construíron coas súas vidas unha parte importante da Galicia contemporánea e nos contan como se vivía "daquela" e como cambiaron as cousas ao longo do século XX. Eles son a nosa memoria viva.



# do a do a

## FICHA EQUIPO "DOA A DOA" QUINTA TEMPADA

Unha produción de IBISAtv

Dirección: Yolanda del Campo

Produción executiva: Valentín Carrera

Música: Faltriqueira

Deseño: Uqui/Cebra

Narración: Antonio Mourelos

Entrevistas: Carlos Vázquez e Rosa Gómez Limia

Baseado na *Ética da memoria* de Elena Gálkina

Cámaras: Paco Peipieiros e Cristian Carnota, Setemedia

Iluminación: Sergio Abad, Sadilsa.

Son en directo: Miguel Barbosa e Carlos García, Cinemar.

Maquilladora: Bea Dono

Xefa de produción: Elsa Pazos

Produción: Ana Lorenzo, Adrián Zapatería, Rubén Seoane e Noelia Souto.

Axudante de montaxe: Rubén Moñino

Montaxe e postprodución: Pórtico de Comunicación